



ARNO Virton
Une chouette école de vie



Collège Louis Pergaud



Durante este curso o alumnado dos centros educativos españois **I.E.S. Valle Inclán de Pontevedra**, Colegio Rebollet de Oliva e I.E.S. Arzobispo Lozano de Jumilla, xunto a outros adolescentes do centro francés Collège Louis Pergaud de Châtel sur Moselle, do centro belga Athénée Royal Nestor Outer de Virton e do centro Italiano ITES Olivetti de Lecce, participaron nun proxecto a través da plataforma europea eTwinning.

Os pais do alumnado implicado motivaron e axudaron a seus fillos/as para poder acadar a distinción de dito proxecto.

O contido do proxecto, intitulado **“Tour por la ciudad ideale”** baseouse no descubrimento da nosa vila e a dos nosos socios desde o punto de vista da cultura, deporte, gastronomía, turismo, educación, arte, etc. As linguas utilizadas foron o francés e o español.

O alumnado, a través do análises e a comparación entre as diferentes cidades, crearon a súa cidade ideal. Os alumnos/as comezaron por coñecerse (presentáronse e mostraron a cidade na que viven) e definiron os termos do seu traballo.

Lle solicitamos que deseñaran un logo, que interactuaran cos seus correspondentes para coñecerse utilizando a lingua estranxeira estudada, e que fixeran un traballo en grupo sobre un tema concreto da súa cidade. Finalmente valoraron o traballo dos demais.

OBXECTIVOS

1. Mellorar as competencias do alumnado en informática (utilización das TICS)
2. Mellorar as competencias en linguas estranxeiras (Francés).
3. Abrirse aos outros (a nivel local e europeo)
4. Permitir ao alumnado ter unha visión sobre o mundo que os rodea: Ser cidadáns conscientes
5. Fomentar o respecto mutuo fronte aos demais e ao seu contorno.
6. Abrirse a novos hábitos de vida, desenvolver novos coñecementos, saber facer.
7. Desenvolver unha mente crítica para cuestionar e emprender mellor.
8. Entenderse no seo dun grupo para levar a cabo un proxecto.
9. escoitar as opinións dos outros, saber escoitar.
10. Entrar nunha dinámica de traballo (a curto, medio e longo prazo).

Para coñecer un pouco máis do proxecto, convidámoslos a coñecer en [eTwinning](https://www.etwinning.net) o noso proxecto educativo.

Logo do proxecto

